

III SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

Custodia do territorio e conservación: Retos na preservación da biodiversidade mariñán

XORNADA DE VOLUNTARIADO

SÁBADO 27 DE SETEMBRO

Eco-regata na ría de Betanzos

A eco-regata é unha competición por ver quen recolle máis lixo na xunqueira. Poden participar tanto persoas con embarcacións de todo tipo como as que non teñen ningunha. O obxectivo é compensar á natureza por permitírnos gozar durante todo o ano da súa paisaxe, dos servizos ambientais que proporciona e dun espazo de lecer para todos.

Os equipos estarán formados por unha lancha —cos papeis en regra— e capitaneados polo seu patrón. A cada lancha se lle asignarán piraguas, que se introducirán polos canais ós lugares onde non poden acceder as lanchas. Cada lancha terá un equipo de terra que será o encargado de recoller-los refugallos e deposita-los sacos de lixo onde diga o patrón da lancha.

A cada equipo se lle asignará un sector de xunqueira, que é onde teñen que traballar. Os membros que cada equipo irán identificados cun pano de pescozo que entregará a organización, de xeito que pola cor se identifique cada equipo. Os equipos teñen que escoller o refugallo máis singular que atopen, que será presentado ante o xurado infantil do concurso. Os tres equipos gañadores serán premiados con cadansúa empanada para celebralo.

As liñas de saída e de meta estarán no porto de Betanzos. Os participantes deberán estar no porto ás 15:00 horas. Para andar pola xunqueira é aconsellable levar botas de auga e pantalón largo, ademais de luvas. A chegada será ás 20:00 horas e esperamos remata-lo evento ás 20:30.

Como a xunqueira non é doada de andar para os máis cativos, no porto se organizarán actividades infantís. Tamén contaremos con música, comida e bebida para ameniza-la xornada.

Na organización deste evento colaboran con Fragas do Mandeo a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, a Asociación de Amigos dos Ríos de Betanzos, o Club de Piragüismo Ría de Betanzos, a Asociación Recreativa e Cultural Regato dos Mouros, a Asociación Cultural, Recreativa e Deportiva Ría do Pedrido, a Sociedade Gastronómica, Cultural, Deportiva e Xuvenil Lar de Unta, e a Asociación Cultural Casa Castillo Betanzos. Tamén colabora o Concello de Betanzos.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, enderezo, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para aforrar no seguro. Se téis algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.